

A mellora da drenaxe da AC-960 evitará inundacións en Camporrapado

A Xunta de Galicia investirá case 50.000 euros na execución destas obras

A Xunta adxudicou as obras de mellora da drenaxe da estrada autonómica AC-960 en Camporrapado á empresa Hermanos Couto Fandiño S.L. por 48.358 euros. Unhas obras que teñen un obxectivo: evitar os problemas de drenaxe de auga nese treito da estrada durante episodios de fortes chuvias.

Uns embolsamentos de auga que non só poden afectar á circulación rodada e peonil pola estrada, senón que mesmo teñen chegado ata vivendas e comercios nalgúns casos. As novas obras mellorarán a drenaxe a través da substitución das actuais canalizacións de pluviais por outras de maior capacidade, tanto na vía autonómica como na estrada municipal que coa AC-960.

A maiores, renovaranse os sistemas de recollida das augas pluviais, mediante a instalación dunhas novas canalizacións cunha tubaxe de 125 metros de lonxitude de PVC diámetro 315 mm na



Os traballos evitarán embolsamentos de auga en caso de fortes choivas

AC-960, e de 140 metros de tubaxe de PVC de diámetro 400 mm no viario municipal, onde se conectará a unha rede existente para o seu desague. Tamén se farán os pozos correspondentes.

Para a recollida das augas superficiais está prevista a colocación dunha

tapa con reixa nos pozos a construír na estrada autonómica, así como a execución doutros 6 sumidoiros no viario municipal e a instalación de 6 metros de caz con reixa. As obras rematarán co reasfaltado da estrada AC-960 ao seu paso por Camporrapado.



O Concello remata a roza de case 15 km de pistas forestais en Lestedo

O Departamento de Obras do Concello de Boqueixón vén de rematar o pasado mes de febreiro a roza das pistas forestais da parroquia de Lestedo. En total, rozáronse 14,79 quilómetros de pistas.

Neste próximo mes de marzo o Concello de Boqueixón acometerá a roza das pistas forestais da parroquia de Gastrar.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
19-feb	03-mar	Oural - Pousada - Sucira	Campo da Festa
04-mar	10-mar	Ledesma	Campo da Festa
11-mar	17-mar	A Granxa	Campo da Festa
18-mar	31-mar	Sergude	Campo da Festa de San Bieito

A ITV Agrícola, en Boqueixón do 20 ao 23 de marzo

A Unidade Móbil nº 3 da Inspección Técnica de Vehículos Agrícolas estará no Campo da Festa de Rodiño do 20 ao 23 de marzo, de 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 horas (salvo o venres, no que só se atenderá pola mañá). Necesaria cita previa no 902 30 90 00 ou www.cycitv.com.

Apertura do prazo para pedir actuacións da Rede Cultural

Do 3 ao 17 de abril estará aberto o prazo para que as asociacións do municipio poidan solicitar de xeito telemático espectáculos da Rede Cultural da Deputación. Máis información no Departamento de Cultura: 981 513 115

Renova ou obtén o DNI o 29 de abril na Casa do Concello

O Concello de Boqueixón informa de que a Unidade Móbil do DNI estará na mañá do luns 29 de abril na casa consistorial, a partir das 9:00 horas. Para poder acudir é preciso pedir cita previa no 981 51 30 61.

A Escola Infantil Municipal abre prazo de solicitude de prazas ata o 31 de marzo

O Concello de Boqueixón informa de que o prazo de solicitude de prazas de novo ingreso e renovacións para o curso 2024/2025 na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón, estará aberto do 1 ao 31 de marzo. Dirixido a nenos e nenas que teñan cando menos tres meses na data de ingreso e non superen os tres anos a 31/12/2024.

Infórmate en www.boqueixon.gal de toda a documentación precisa tanto da situación familiar (libro de familia, DNI, título e familia numerosa...), da situación económica e laboral (nómina, declaración da renda...) e outros documentos acre-



As crianzas teñen que ter 3 meses e menos de 3 anos para ingresar na EIM

ditativos de situacións que sexan susceptibles de puntuación.

A documentación deberá ser achegada xunto á solicitude (dispoñible na

web municipal) a través da sede electrónica municipal (sede@boqueixon.com) ou no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón (previa cita no 981 513 106).

Aberta a inscrición CRA Boqueixón-Vedra e no CPI Antonio Orza Couto

O Concello de Boqueixón informa de que do 1 ao 20 de marzo se poden solicitar prazas tanto no CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" como no CPI Antonio Orza Couto. As solicitudes poden presentarse de forma presencial no centro educativo, se ben é preferible a través da sé electrónica da Xunta. O formulario está dispoñible en <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/> onde tamén se inclúe unha guía sobre como presentar a documentación dunha forma sinxela.


Iso si, para poder acceder a esta sé electrónica é preciso empregar algún dos meca-



As solicitudes deberán presentarse vía electrónica diante da Xunta de Galicia

nismos de identificación e sinatura (Chave 365 ou certificado dixital), así como DNI

ou Libro de Familia e certificado de escolarización en casos de traslado de centro.



Educación en familia: uso responsable da tecnoloxía

O CPI Antonio Orza Couto acollerá o xoves 14 de marzo, ás 17:30 h, unha xornada de Educación en familia, organizada polo Concello de Boqueixón. Nela debaterase sobre o uso de dispositivos electrónicos por parte das crianzas. Inscripcións en educarenfamiliaconcellos@gmail.com.

O PP gaña as eleccións en Boqueixón cunha porcentaxe superior á media galega

O Partido Popular encabezado por Alfonso Rueda gañou as eleccións ao Parlamento de Galicia 2024, na que é a quinta maioría absoluta consecutiva do seu partido e a primeira do actual presidente en funcións. O PP conseguiu un total de 700.491 votos (72.729 máis ca en 2020) que se traduciron en 40 escaños (dous menos que hai catro

anos). O BNG mantívose como segunda forza con 25 escaños, 6 máis ca en 2020 e cun total de 467.074 sufraxios (155.434 máis).

Pola súa banda, o PSOE pasou de 14 a 9 escaños, reunindo 207.691 votos (46.059 menos que hai catro anos). Finalmente, Democracia Ourensana entra por primeira vez no Parlamento cunha acta que lle

deron as 15.312 persoas que o apoiaron en Ourense.

Uns resultados que se reproduciron en todas as mesas electorais de Boqueixón, onde seis de cada dez veciños/as votaron ao PP. Deste xeito, os populares obtiveron un total de 1.552 votos (59,78%), seguidos polos 693 do BNG (26,69%) e os 291 do PSOE (8,16%).

Obtén o certificado dixital o 20 de marzo na biblioteca do Forte

A biblioteca do Forte acollerá o 20 de marzo, ás 10:30 h, o programa "A Administración preto de ti", no que se asesorará sobre os trámites e se axudará a obter o certificado dixital. Inscripcións no Departamento de Cultura (981 513 115).



Os maiores de Boqueixón, na mostra de La Voz de Galicia

A Alameda de Santiago acollerá ata o 24 de maio a edición número 25 da exposición "Compostela, un ano que Voz", que a través de 80 paneis de fotos recolle a actividade da comarca no ano 2023. Entre esas fotos, os maiores do taller de educación dixital de Boqueixón.



Un grupo de crianzas desfrutaron do esquí na estación de Pajares

Un grupo de nenos e nenas de Boqueixón, de entre 11 e 15 anos, desfrutou de catro días na estación invernal de Valgrande-Pajares (Asturias) aprendendo a esquiar e desfrutando da neve dentro da Campaña de Neve 2024 da Deputación da Coruña.



As persoas maiores do Programa de Prevención da Dependencia celebran o Entroido

Os homes e mulleres que participan este ano no programa de Prevención da Dependencia do Concello de Boqueixón celebraron o Entroido cunha gran festa no local social de Vigo, á que se sumaron tamén algúns dos seus familiares. En xornadas anteriores, os maiores elaboraran nas sesións semanais os seus propios disfraces de "Filloas de Boqueixón", que acompañaron cuns gorros de Xenerais da Ulla.

A festa incluíu a degustación de filloas e orellas, así como música e baile grazas á colaboración dun grupo de música tradicional.

Casa do maior

Quen tamén celebraron o Entroido por todo o alto foron as persoas da Casa do Maior Lodeiro, na parroquia de Loureda. Ademais de disfrazárense para a ocasión, desta vez pasaron do catering e saíron comer un bo cocido.



Celebración do entroido na Casa do Maior Lodeiro, cun cocido por diante



As festas de cada parroquia, no Entroido do CRA Boqueixón Vedra

O CRA Boqueixón-Vedra Neira Vilas celebrou un Entroido moi especial: cada unha das escolas que o compoñen representaron unha das festas da súa parroquia como as Carrozas do San Cidre (na foto), o Xenerais da Ulla, a Festa da Orella ou o San Migueliño.



O programa gratuíto "Entroido Activo" cubre todas as prazas

Un total de 25 nenos e nenas, de entre 3 e 16 anos, participaron no "Entroido Activo", un programa lúdico-educativo organizado polo Concello de Boqueixón para facilitar a conciliación nos días non lectivos. Un programa gratuíto que este ano cubriu todas as prazas e que forma parte do Plan Corresponsables da Xunta.



O Entroido de Sergude supera a chuva e o frío

Nin a chuva nin as baixas temperaturas puideron coas gañas de festa dos veciños e veciñas de Sergude. Unha xornada que comezou á mañá cos Coros, Correos e Xenerais percorrendo a parroquia cos seus cantos de taberna e acompañados por Son de gaita. Pola tarde, o campo da festa de Sergude foise enchendo de xente con moitas gañas de pasalo ben e desfrutar do concerto de Cantos da Terra, da Parranda de Entroido e, de novo, Son de gaita.

A chegada dos Xenerais coincidiu co inicio de fortes trombas de auga, que obrigaron a ocupar cos cabalos a parte da carpa reservada para os Atranques, que se puideron desenvolver sen problemas grazas ao bo facer da comisión de festas de Deseiro de Abaixo.

Unha Comisión que, xunto ao alcalde Ovidio Rodeiro fixeron unha homenaxe a Son de gaita polos seus doce anos seguidos colaborando desinteresadamente co Entroido de Sergude.



Curso de autodefensa, andaina e teatro para conmemorar o Día da Muller en Boqueixón

O Centro de Información á Muller de Boqueixón ten preparada unha intensa programación para conmemorar o Día da Muller, o vindeiro 8 de marzo. Un programa que arrinca o 6 e 8 de marzo cun curso gratuíto de Auto-defensa para mulleres en situacións violentas, que será impartido no local social de Sergude, en horario de 16:30 a 20:30 horas. Un curso organizado pola Secretaría Xeral de Igualdade e dirixido a mulleres a partir dos 16 anos.

O curso será impartido por monitores/as da Federación Galega de Loita. Para anotarse é preciso encher este formulario: <https://forms.gle/r6MgUnMjinJH1GGX8>.

A maiores, os Concellos de Boqueixón, Touro e Vedra, en colaboración co Ministerio de Igualdad e o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, convocan a segunda andaina "No camiño da Igualdade", que

terá lugar o domingo 10 de marzo. A participación é totalmente de balde, se ben é preciso anotarse antes do 7 de marzo neste formulario web <https://forms.gle/wD3f7FMseL5qjZUAA> ou chamando ao 981 513 106.

A andaina sairá ás 9:30 horas do campo da festa de Ponte Ulla (Vedra), onde as persoas participantes poderán deixar os seus vehículos no aparcamento do supermercado da Ulla. Tras percorrer 14 km, chegará ao campo da festa de Bendaña (Touro), dende onde poderán coller o autobús de regreso a Ponte Ulla. Todas as persoas participantes recibirán un bocado e camiseta conmemorativa de agasallo.

Finalmente, o venres 22 de marzo, ás 15:30 h, terá lugar unha sesión de *Teatro pola Igualdade* co contacontos "O mundo ao revés" para a rapaza de Infantil e Primaria no ximnasio do Forte.

10 MARZO

II ANDAINA No Camiño da Igualdade

SAÍDA - CAMPO DA FESTA DE PONTE ULLA*

HORA - 09:30

CHEGADA - CAMPO DA FESTA DE BENDAÑA

14KM

Inscripción ata o 7 de marzo por formulario web ou chamando:

Boqueixón: 981513106

Touro: 981504029

Vedra: 699041486

Autobús de regreso

Inclúe bocadillo e camiseta

TOURO BOQUEIXÓN, VEDRA

*As persoas participantes poderán aparcarse os seus vehículos no aparcamento do supermercado da Ulla



O director xeral de Maiores visita a Casa do Maior Lodeiro

Tras asistir en xaneiro á apertura da Casa do Maior Carabán (Vigo), o director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, visitou a Casa do Maior Lodeiro (Loureda). Estivo acompañado polo alcalde Ovidio Rodeiro e a concelleira Ángela Conde.



Gran papel das nosas veciñas na Supercopa de España de Judo

Gran papel das judocas de Boqueixón na Supercopa de España disputada en Estremadura. Lucía Pol foi quinta, o que a coloca como 2ª no ranking galego infantil. Irene Ferreiro foi sétima e Andrea Álvarez, veciña de Vedra que adestra en Lestedo, quinta nos seus pesos.



Récord de reparto de filloas en Lestedo

A XLI Festa da Filloa de Lestedo bateu todas as marcas. "Por primeira vez superamos as 100.000 filloas repartidas, a metade o domingo e o resto durante as distintas actividades paralelas que vimos organizando neste último mes", destaca José Manuel Canabal, presidente da Asociación Cultural da Filloa. A coincidencia coa xornada electoral non afectou a festa, onde ademais das dúas máquinas filloeiras houbo que engadirlle as filloas á pedra, un posto de

filloas recheas e, por primeira vez, venda de filloas sen glute.

Ás 12:00 horas tivo lugar o VII Desfile de Xenerais da Ulla, precedido por un grupo da A.C. Mestre Manuel Gacio e pola comitiva oficial de autoridades, encabezada polo alcalde Ovidio Rodeiro, quen impuxo o mandil de honra ao pregoeiro Javier Olleros, chef dúas estrelas Michelin. Antes dos atranques tivo lugar unha homenaxe ao falecido Luís Rial, gran promotor da festa.



O certame de relato curto 'Xosé Neira Vilas' chega á súa décima edición

O Concello de Boqueixón, en colaboración coa Fundación Xosé Neira Vilas e o CPIP Antonio Orza Couto, convoca o X Certame de Relatos Xosé Neira Vilas para potenciar a lectura e a promover a lingua galega escrita como medio de creación e comunicación. O certame está aberto escolares matriculados nun centro educativo do concello. Os traballos deberán entregarse na biblioteca municipal ou no CPI Antonio Orza Couto antes do 22 de abril.

O concurso inclúe tres categorías: 3º e 4º de Primaria (mínimo 30 liñas), 5º e 6º de Primaria (mínimo 40 liñas) e Secundaria (mínimo 50 liñas). Cada participante poderá presentar un único

relato, de temática libre, propio e inédito, escritos a ordenador. O texto deberá entregarse en galego, podendo incluír ilustracións.

Para garantir o anonimato, o relato irá identificado coa categoría á que opta e cun pseudónimo. A ficha de participación cos datos correspondentes irá nun sobre pechado e que estará grampado ao texto.

Por cada categoría establécense tres premios de 125, 100 e 75 euros en vales en libros e material escolar, así como diploma e edición recompiladora. A entrega dos premios terá lugar nun acto co gallo do Día das Letras Galegas. Consulta as bases en www.boqueixon.gal.

X CERTAME DE RELATO CURTO XOSÉ NEIRA VILAS



Concello de Boqueixón

AXENDA DO MES DE MARZO

Venres
1

Apertura de inscricións na EIM, no CRA e no CPI

Prazos: ata o 20 de marzo no CRA Boqueixon-Vedra e no CPI Antonio Orza Couto; e ata o 31 de marzo na EIM Raíña Lupa.

Mércores
6

Curso de Autodefensa para Mulleres en situacións violentas

Local social de Sergude. 6 e 8 de marzo, de 16:30 a 20:30 h. Impartido pola Federación Galega de Loita. Inscricións: <https://forms.gle/r6MgUnMjinJH1GGX8>.

Venres
8

Conmemoración do Día da Muller

Casa do Concello, ás 12:00 h. Lectura de manifesto.

Domingo
10

II Andaina "No Camiño da Igualdade"

Campo da Festa de Ponte Ulla. Ás 9:30 horas. 14 km ata o campo da festa de Bendaña. Bocado, camiseta e bus de volta. De balde. Inscrición <https://forms.gle/wD3f7FMseL5qjZUAA>

Xoves
14

Educación en familia: uso responsable da tecnoloxía

CPI Antonio Orza Couto, ás 17:30 horas. Inscricións: educarenfamiliaconcellos@gmail.com

Mércores
20

A Administración preto de ti

Biblioteca do Forte, ás 10:30 horas. Inscricións: 981 513 115

Venres
22

Teatro pola Igualdade. "O mundo ao revés"

Ximnasio do Forte, ás 15:30 horas. Para a rapazada de Infantil e Primaria. Programa Ler Conta Moito.

... e en abril

Mércores
3

Presentación de solicitudes á Rede Cultural da Deputación

Ata o 17 de abril. Información: 981 51 30 61.

Luns
29

Visita da Unidade Móbil do DNI

Casa do Concello. A partir das 9:00 horas. Inscricións: 981 51 30 61.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.es

CIM: 981 513 106 cim@boqueixon.es

Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.es

Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com